

Presentación

Na actualidade existe unha interdependencia, a especie humana precisa da agricultura para se nutrir, mais os agroecosistemas precisan dos agricultores, silvicultores e gandeiros para persistir.

A montaña ten sido un claro expoñente desta interdependencia harmónica especie humana/territorio. Aparece unha integración da natureza e a sociedade a partires das actividades produtivas.

A acción humana organizada socialmente alterou pendentes –creou socalcos-, transformou solos e dotounos de fertilidade, domesticou especies. A montaña aportou as súas especies nativas, os solos, a auga, é dicir as súas características biofísicas que determinaron as condicións do esforzo transformador.

O desenvolvemento económico das cidades e a provisión de servizos –saúde, educación,...- atrae a unha poboación que se vai ocupando en actividades fóra da finca: a emigración. A emigración e a súa consecuencia, a diminución de forza de traballo agropecuario, xera mudas no uso e cobertura do solo, conducindo á formación dunha paisaxe menos humanizada e incluso á degradación/erosión do solo.

Nos tempos novos agroman outras alternativas/oportunidades, unhas máis exitosas ca outras. Nalgunhas priman os criterios económicos, como a produción forestal intensiva, e outras pretenden conxugar todos aqueles valores naturais, culturais, antropolóxicos é a cosmovisión da montaña, integrando aspectos sociais, ambientais e económicos.

Obxectivos

Reflexionar, desde a perspectiva da agroecoloxía, no deseño de agroecosistemas con criterios ecolóxicos.

A poboación rural é un activo que atesoura saberes que se deben integrar, cómpre a súa participación.

Como reflicte o título da xornada : como aproveitar esa montaña de oportunidades



ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL

SEOANE DO COUREL



XORNADA DE AGROECOLOXÍA

“UNHA MONTAÑA DE OPORTUNIDADES”

SÁBADO 27 DE OUTUBRO DE 2018

PROGRAMA

9.30 h Inauguración da Xornada

9.35-10.00 h Xan Neira, Profesor da USC

- A oportunidade da agroecoloxía

10.00 -12:30 h Franco Llobera, Consultor agroecolóxico

- Deseñando políticas sociais, facilitando procesos de desenvolvemento comunitario
- Desenvolvemento agroecolóxico, economía circular e sistemas agroalimentarios

12.30-14.00 h. Claudia Hidalgo & Jorge Etchevers. Colegio

Postgraduados. México

- Indicadores de calidade do solo para avaliar a súa fertilidade
- Biomímese, a ciencia imitadora da vida

14.00- 15.30 Xantar libre

15.30 -17.00 h Franco Llobera, Consultor agroecolóxico

- Intelixencia territorial e colectiva, planeamento estratéxico participado
- Planos de desenvolvemento rural e deseño de políticas públicas

17.00 -18.30 Antonio Rigueiro, Catedrático da USC

- Sistemas Silvopastorais: unha práctica silvoecolóxica

18.30-19.30 María Rosa Mosquera Losada, Catedrática da USC

- Sistemas Agroforestais e Cambio Climático

Inscripción gratuíta ata o día 24 de outubro nos correos electrónicos ro_rodriguezlopez@hotmail.com ou antonio.rigueiro@usc.es, indicando nome e apelidos, NIF e teléfono de contacto. Tamén chamando aos números de teléfono 648051928 ou 600942418



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello de
Folgoso do Courel

